

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VILAGARCÍA DE AROUSA****FUNDACIÓN DE DEPORTES CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA****Subvencións e axudas**

BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2017, CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2016.

1.—FINALIDADE E OBXECTO:

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, no seu artigo 8.1, sinala como competencia dos Concellos a de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar. Para o fomento desta actividade de interese social, as bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción de actividades deportivas extraordinarias dos Clubes/Entidades Deportivas Locais, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro, de acordo ó sinalado nos artigos 40 ao 50 da devandita lei, en réxime de concorrencia competitiva.

O obxectivo desta convocatoria é financiar, en parte, os gastos correntes estrita e directamente derivados da realización das actividades deportivas extraordinarias dos colectivos de base expresados no parágrafo anterior, a efectos de que estes poidan alcanza-los seus obxectivos.

As actividades deportivas extraordinarias realizadas polos Clubes/Entidades Deportivas fomentan, promocionan o Deporte Local, a convivencia e o dinamismo na localidade no que se celebra.

2.—LEXISLACIÓN APLICABLE:

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, demais normativa Estatal, Autonómica, concordantes. Asemade das normas que se aproben ou teña aprobadas o Concello de Vilagarcía de Arousa.

3.—CONSIGNACIÓN:

A contía total que se destina a esta finalidade será a que figure na partida 341-483,01 do orzamento da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2017 ou presuposto prorrogado do ano anterior.



4.—DESTINATARIOS E REQUISITOS:

Poderán acceder a estas subvencións os Clubes ou Entidades Deportivas con sede social no Municipio de Vilagarcía de Arousa e que figuren inscritos no Rexistro de Clubes/Entidades Deportivas da Fundación Pública de Servicios Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que cumpren os seguintes requisitos:

- Clubes/Entidades Deportivas sen animo de lucro e con Personalidade Xurídica Propia.
- A actividade ou evento extraordinario sexa realizado no Concello de Vilagarcía de Arousa, durante o ano 2016.

5.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

Son obrigas dos beneficiarios:

a.—Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b.—Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

c.—Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes, así como, aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d.—Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

e.—Responder da veracidade dos datos da solicitude e dos documentos baixo a reponsabilidade da persoa que o suscriba.

f.—Que en todas as publicacións, carteis, etc. que existan, deberá figurar a Fundación de Deportes como Entidade patrocinadora ou colaboradora. Asemade a publicidade (pancarta/s, vinilo/s, etc...) facilitada pola Fundación de Deportes deberase colocar nun lugar preferente onde se desenvolva a actividade obxecto da subvención, sendo por conta da organización a colocación da mesma.

g.—A publicidade reflexada no apartado anterior redactarase preferentemente en lingua galega, circunstancia obrigatoria nos eventos de ámbito local, provincial e autonómico.



6.—DOCUMENTACIÓN (SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN):

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

6.1 SOLICITUDE:

6.1 a.—Unha solicitude debidamente cumprimentada, modelo que se facilitará nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

6.1 b.—Cada Club/Entidade Deportiva poderá presentar unha solicitude para o evento deportivo que considere máis importante. A presentación da solicitude non implica necesariamente que o evento vaia a obter axuda económica, quedando o Consello Reitor da Fundación de Deportes facultado para asignar a axuda económica que estime oportuna en función da cualificación que otorgue ó evento e incluso, non conceder axuda económica.

6.1 c.—Aquela outra documentación que consideren deba ser tomada en consideración, en relación co baremo que figura no apartado 14 destas bases.

6.1 d.—Breve memoria explicativa da actividade realizada pola Entidade que deberá incluír datas e lugar de celebración, número de participantes, balance económico detallado de gastos e ingresos e calquera outro dato que sirva para xustificar a necesidade da subvención.

6.1 e.—Os solicitantes deberán indicar na folia de solicitude, o número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

6.1 f.—Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo seu Secretario co Vº e Prace do Presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas (anexo I), modelo que se facilitará nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

6.1 g.—Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo Secretario co Vº e Prace do Presidente, na que se fagan constar as contías das axudas asignadas ou recibidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade (anexo II), modelo que se facilitará nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.



6.1.h- Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social e Axencia Tributaria (anexo III) e, coa Consellería de Economía e Fincenda (anexo IV), modelos que se facilitarán nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa. No caso de que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

6.2 XUSTIFICACIÓN:

6.2 a.—Para a xustificación da subvención será necesario a presentación da totalidade das facturas ata completar o 100% do balance económico presentado na súa solicitude do evento subvencionado, para recibir a totalidade da subvención, requiríndose a xustificación do pago dalgunhas das facturas ata completar un importe igual ou superior á subvención concedida.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

6.2 b.—A documentación necesaria para xustificar a subvención será a seguinte:

a) Orixinais ou copias compulsadas das facturas de gastos realizados na actividade obxecto da subvención e nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a:1 Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura. a:2 Nome e CIF do beneficiario da subvención. a:3 Detalle dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non están exentos.

a:4 Xustificación do pago das facturas (as facturas que se acompaña do xustificante de pago deberán representar, como mínimo, o importe da subvención concedida. O pago xustificarse con calquera medio legalmente admisible). As facturas deberán corresponder cos epígrafes do balance de gastos presentado xunto coa solicitude de subvención. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. b) Aceptaranse como xustificantes de gasto, Certificacións oficiais federativas, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguros de Responsabilidade Civil, correspondentes á actividade subvencionada. Así como recibos de colaboradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descripción do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.



c) Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

d) Non se aceptarán como xustificantes de gastos, aqueles que teñan como obxecto actos protocolarios.

e) Declaración do Club/Entidade Deportiva asinada polo Secretario co Vº e Prace do Presidente na que se exprese, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o obxecto da subvención (anexo V), modelo que se facilitará nas Oficinas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

7.—LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES:

7.1.—As solicitudes acompañadas da documentación requirida, de acordo co establecido na base anterior, presentaranse nos REXISTROS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES OU DO CONCELLO DE VILAGARCIA, no horario establecido de atención ao público ou, nos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.2.—O prazo de admisión de solicitudes finaliza 20 días Naturais despois do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

8.—TRAMITACIÓN:

A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante para que no prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados.

Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a interesado/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención.

9.—RESOLUCIÓN:

A instrucción do expediente realizarana o/a Presidente/a, director Deportivo e Administrativa/ Xestora da Fundación de Deportes, que formularán as propostas de concesión de Subvencións.

A aprobación das propostas de concesión das subvencións corresponderá ao Consello Reitor da Fundación de Deportes.



10.—PAGO:

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente a Intervención para as comprobacións que procedan e posterior tramitación para o seu pago.

11.—REINTEGRO DE CONTAS PERCIBIDAS:

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumprimento das presentes Bases e, nos supostos que establezca a Lexislación aplicable.

12.—RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR:

12.1.—A Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

12.2.—Os beneficiarios virán obrigados a comunicar á Fundación de Deportes a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

12.3.—Así mesmo o beneficiario facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

12.4.—Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións (LXS)

12.5.—Por acordo da maioría dos membros do Consello Reitor, previo informe de Intervención, Secretaría e técnicos da Fundación de Deportes, poderase sancionar ca imposibilidade de solicitar a subvención do seguinte exercicio, a aqueles Clubes/Entidades Deportivas, que incumpran algún dos seguintes puntos:

- a) Falsear documentos, memorias, presupostos ou certificacións.
- b) Non renunciar a subvención tan pronto como se teña constancia de que non cumpre os requisitos imprescindibles da mesma ou da lexislación vixente.
- c) Non xustificar a subvención asignada.
- d) A sabendas, presentar na xustificación, recibos ou facturas manifestamente falsos.
- e) Non destinar os fondos da subvención ao obxecto polo que se concedeu a mesma.



13.—CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta o seguintes criterios:

— Segundo o presuposto de gastos, a axuda económica será maior dependendo dos seguintes aspectos:

Categoría do evento:

1º.—Internacional

2º.—Nacional

3º.—Autonómico

4º.—Local

Nº de Equipos participantes:

1º.—Por equipos

2º.—Individual

Duración da actividade:

1º.—Seis xornadas ou máis

2º.—De tres a 5 Xornadas

3º.—De dúas Xornadas

4º.—De unha Xornada

Competición:

1º.—Oficial

2º.—Non oficial.

— Segundo actúe a Fundación de Deportes:

1º.—Patrocinio

2º.—Colaboración

— Antigüidade e consolidación do evento.



— Segundo o presuposto de ingresos, a axuda económica será menor dependendo dos seguintes aspectos:

- Cotas de inscricións ou Entradas.
- Outras Subvencións de Administracións Públicas.
- Outros Copatrocinadores, tanto público coma privados.”

Nota: Todos estes puntos tomaranse en consideración para a aprobación de calquer axuda económica, podendose puntuar das seguintes formas:

- a) Por porcentaxe dos presupostos presentados
- b) Por puntuación dependendo dos criterios de presuposto de gastos, tendo en conta os puntos do presuposto de ingresos.
- c) Diferentes cantidades dependendo dos dous presupostos.

- As axudas non poderán exceder de 10.000,00 €, para cada actividade ou evento deportivo e, xamais poderá ser de tal contía que en concorrencia coas subvencións doutras entidades públicas ou privadas, supere o custo ou déficit segundo corresponda, da actividade obxecto da subvención.

14.—COLABORACION:

Os Clubes/Entidades Deportivas que sexan destinatarias de esta subvención municipal, comprométese a colaborar ca Fundación Deportiva naquelas actividades para as que sexan requeridos, dentro da súa modalidade deportiva e sempre cando non ocasione perxucios ao desenrolo das súas competicións oficiais, nin a súa economía.

Estas colaboracións terían que estar encadradas en eventos ou actividades como:

- 14.1.—Festa do Deporte.
- 14.2.—Actividades do tipo: Semana da Mobilidade, Días do Deporte, etc...
- 14.3.—Exhibicións con motivo de actos festivos.
- 14.4.—Representación en acontecementos deportivos supramunicipais.

Vilagarcía de Arousa, 19 de xaneiro de 2017.—O presidente, Argimiro Serén Mera.

